



NORMATIVA DE CREACIÓN DA REDE DE CENTROS E UNIDADES DE I+D+I DA UDC

(Aprobada en Consello de Goberno de 20 de decembro de 2022)

A UDC aprobou o Plan estratéxico, para o período 2022-2026, nun momento de gran complexidade condicionado pola acelerada transformación que están a sufrir as sociedades occidentais europeas no tránsito desde a pandemia da covid-19 cara á unha nova organización do espazo político e social europeo.

Nese plan hai unha decidida aposta pola investigación e transferencia, pero tamén unha preocupación por captar novas fontes de financiamento, especialmente aquelas que poidan proceder de fontes internacionais, e un uso eficiente dos recursos baixo criterios de responsabilidade social e sustentabilidade.

Porén, e asumindo que nos próximos anos as universidades enfrontan unha perda progresiva de alumnado en función da curva demográfica, e que estamos nunha contorna económica de contracción e, polo tanto, cunha maior dificultade de acceso aos recursos que permitan un financiamento eficiente da I+D+i, resulta obrigado traballar cunha perspectiva de racionalidade económica e administrativa para a mellor consecución dos fins que se propoñen

O Plan tamén expresa un compromiso da UDC coa súa contorna inmediata nun mundo global en que a ciencia excelente debe de implementarse en ámbitos cooperativos para traballar en contextos cada vez máis competitivos e internacionais.

Isto exige adoptar unha estratexia de agrupación de capacidades e complementariedades no seo da propia universidade nun ecosistema activo baseado no traballo en rede. Este traballo precisa dun liderado recoñecible que dirixa e coordine as accións necesarias que dean resposta á planificación estratéxica da UDC, sobre todo no que respecta á área estratéxica 02 de "Investigación e Transferencia".

Neste contexto xorde a necesidade de crear un órgano de gobernanza recoñecible no seo da propia universidade e con capacidade de accións cara ao exterior, que exerza esas funcións e sirva de canle de comunicación entre os distintos axentes, para acadar o expresado nos obxectivos estratéxicos sinalados na "área estratéxica 02 de investigación e transferencia" do Plan para:

- Reforzar as estruturas de centros de investigación da UDC.
- Impulsar unha investigación de calidade que potencie a internacionalización, a multidisciplinaria e o liderado das unidades, as agrupacións, os institutos e os centros.
- Potenciar a captación de recursos económicos procedentes de fontes diversificadas.
- Definir e implantar un ecosistema dinamizador da actividade investigadora e de transferencia, e incrementar a colaboración coas empresas da contorna.

Para poder abordar estes obxectivos é preciso desenvolver accións específicas en:



- Impulsar a captación e retención de talento investigador cun perfil específico adaptado ás necesidades das estruturas de investigación.
- Mellorar as capacidades investigadoras dos centros de investigación en contextos competitivos de alta exigencia, especialmente en contextos internacionais.
- Situar os centros de investigación como elementos tractores dunha cultura proactiva que permita explorar novas fontes de financiamento públicas e privadas nun novo marco de transferencia cos diversos axentes e, en especial, coa contorna socioeconómica.
- Avanzar nunha xestión eficiente, responsable transparente dos recursos públicos suxeita a procesos de avaliación rigorosos e a unha política eficaz de rendición de contas.

A estes fins responde a creación da Rede de Centros e Unidades de I+D+i da UDC, que se incorpora como figura na coordinación entre a pluralidade das unidades de planificación e xestión recoñecidas no Plan estratéxico: Vicerreitoría de Política Científica Investigación e Transferencia, Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica, Vicexerencia de Investigación, Vicexerencia de Coordinación, Servizo de Contratación, Servizo de Investigación, Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación, servizos de Xestión Financeira e Control Interno, dirección de centros e unidades de I+D+i, Fundación Universidade da Coruña e Fundación CITIC.

Á marxe da súa participación como elemento relacional de coordinación interna, a actividade da Rede debe proxectarse tamén ao exterior da UDC constituíndo un elemento chave de presentación da I+D+i que se fai na universidade nos foros institucionais; académicos e da contorna próxima.

A rede rexerase con carácter xeral polos principios informadores de eficiencia, transparencia, igualdade e rendición de contas e, con carácter particular, polas disposicións contidas neste regulamento.

Artigo 1.Obxecto

Constitúese a Rede de Centros de Investigación e Unidades de I+D+i da UDC (en diante a Rede) como unha entidade organizativa propia da UDC para a definición, impulso e posta en marcha de programas e iniciativas combinadas que permitan optimizar os recursos dispoñibles para mellorar as capacidades en materia de investigación e transferencia dos centros e unidades de I+D+i da UDC.

A Rede configúrase como un instrumento da UDC cuxo funcionamento e dependencia funcional e orgánica estará vinculada á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia.

Artigo 2.Integrantes

Integrarán a Rede aqueles centros de investigación e unidades de I+D+i creadas pola UDC e que fosen aprobadas ao abeiro do disposto no artigo 19 e 19 *bis* da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia e a súa normativa de



desenvolvemento ou que, malia teren sido creadas con anterioridade, teñan a súa estrutura organizativa adaptada ao disposto nesa norma.

Nesta definición quedan tamén comprendidos os centros e unidades de I+D+i de carácter interuniversitario ou calquera outra fórmula de organización de I+D+i que a UDC comparta con outros organismos aos que faga unha achega de investigadores, medios ou en cuxa gobernanza participe.

A Rede estenderá as súas accións sobre aqueles proxectos de centros ou unidades de I+D+i para os que a UDC teña previsto acometer procesos de creación e aprobación.

Artigo 3. Funcións

Para a consecución dos obxectivos establecidos no artigo 14 da Normativa de creación de centros de investigación da UDC, son funcións da Rede:

- a) Crear un marco de cooperación entre os seus membros para o impulso da I+D+i na UDC e procurar sinerxías con outros estamentos da universidade que participen do ecosistema investigador e de innovación.
- b) Compartir coñecementos, experiencias, boas prácticas, accións e recursos que melloren as capacidades de investigación dos seus integrantes.
- c) Elaborar propostas, informes e documentos estratéxicos nos ámbitos de acción dos seus integrantes.
- d) Diseñar políticas e accións comúns de xestión da investigación para o conxunto dos seus integrantes.
- e) Potenciar a especialización e profesionalización das unidades de xestión dos centros e unidades de I+D+i da UDC e establecer mecanismos de simplificación e racionalidade administrativa.
- f) Establecer vínculos con outros sistemas de I+D+i tanto no ámbito do SUG como en contextos nacionais e internacionais.
- g) Asesorar os órganos de goberno da UDC en materia de estratexia de investigación.
- h) Informar as propostas de creación e/ou reformulación dos centros e unidades de I+D+i da UDC, ou daqueles nos que participe.

Artigo 4. Estrutura

A estrutura da Rede é a seguinte:

- a) Comisión Reitora.
- b) Dirección Estratéxica.
- c) Unidade Técnica de Xestión.
- d) Comisión Asesora Externa.
- e) Comisión de Asesoramento Empresarial.



Artigo. 5. Comisión Reitora

1. A Comisión Reitora é o máximo órgano de goberno da Rede e estará integrada por:

- a) Reitor da Universidade, que ostentará a presidencia.
- b) Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia.
- c) Vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica.
- d) Xerente.
- e) A persoa que exerza a dirección estratéxica da Rede.
- f) Unha persoa da Unidade Técnica de Xestión da Rede que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.

2. Son funcións da Comisión Reitora:

- a) Dirixir a acción xeral da Rede na procura da mellor eficiencia das súas funcións.
- b) Elaborar e someter a aprobación da UDC a normativa de desenvolvemento necesaria para acadar os fins da Rede.
- c) Propoñer a persoa que exercerá a dirección estratéxica da Rede
- d) Aprobado o Plan de acción anual de actividade da Rede.
- e) Aprobado a memoria anual de actividade da Rede.

3. Son funcións da presidencia da Comisión Reitora:

- a) Dirixir e promover a acción da Comisión.
- b) Nomear á persoa que exercerá a dirección estratéxica da Rede.
- c) Nomear as persoas que integren a Comisión Asesora Externa.
- d) Nomear as persoas que integren o Comité de Asesoramento Empresarial.
- e) Presidir as sesións da Comisión, moderar os debates e dirimir co seus voto os posibles empates para efectos da adopción de acordos.
- f) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias, así como determinar os asuntos que se van tratar e a orde do día.
- g) Solicitar, en nome da comisión, a colaboración que considere necesaria tanto a nivel interno da UDC como a nivel externo a institucións, autoridades, organismos, entidades, asociacións ou particulares.
- h) Exercer aquelas outras funcións que sexan inherentes á condición da Presidencia da comisión.

4. A Comisión Reitora reunirse con carácter ordinario cando menos unha vez ao ano e, en calquera caso, sempre que o solicite o seu presidente/a. As reunións da Comisión Reitora poderán ser de forma presencial, telemática ou mixta. Para a súa constitución deberán de estar presentes, ao menos, as persoas que exerzan a presidencia e a secretaría ou, no seu caso, quen os suplan e a metade, polo menos, dos seus membros. Todos os membros con voto da Comisión Reitora poderán facer delegación expresa noutra persoa deste dereito.



Artigo 6. Dirección Estratéxica

1. O/a director/a estratéxico/a da Rede será nomeado polo reitor.
2. O/a director/a estratéxico/a, a quen lle corresponde a dirección da Unidade Técnica de Xestión, desenvolverá as seguintes funcións:
 - a) Dirixir a acción estratéxica, en materia de investigación e innovación, dos centros e unidades de I+D+i que integren a Rede, con respecto á independencia e capacidade funcional de cada un deles e en coordinación coas direccións científicas e de xestión.
 - b) Desempeñar a representación institucional da Rede.
 - c) Representar, cando así se lle solicite, a acción do goberno da Universidade en materia de I+D+i.
 - d) Asumir as funcións que lle sexan delegadas polo presidente de Comisión Reitora.
 - e) Dirixir a acción estratéxica da Rede e da Unidade Técnica de Xestión.
 - f) Propoñer á Comisión Reitora as persoas que integrarán a Comisión Asesora Externa e o Comité de Asesoramento Empresarial.
 - g) Crear grupos de traballo en materias específicas para un mellor desenvolvemento das actividades da Rede, e dirixir a súa actividade.

Artigo 7. Unidade Técnica de Xestión

1. Será a unidade operativa encargada do funcionamento da Rede. Esta unidade dependerá orgánica e funcionalmente da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia e actuará baixo a dirección do/a director/a estratéxico/a.
2. A Unidade Técnica de Xestión estará composta por:
 - a) Persoal de administración e servizos que poida ser adscrito de xeito directo a esta estrutura de acordo coa normativa da UDC.
 - b) Persoal docente e investigador, con rebaixa das súa carga docente que poida ser adscrito de xeito directo a esta estrutura de acordo coa normativa da UDC.
 - c) Persoal contratado para o desempeño da actividade da Rede.
3. Son funcións da Unidade Técnica de Xestión:
 - a) Analizar o contexto local, autonómico, nacional e internacional na busca de nichos estratéxicos e oportunidades de acción dos centros e unidades de I+D+i.
 - b) Elaborar e manter actualizados paneis de indicadores de desempeño de I+D+i da UDC para monitorizar o desenvolvemento das unidades e permitir análises de *benchmarking* con outras universidades e entidades de



referencia e desenvolver un cadro de mando integral para a xestión da I+D+i na universidade.

- c) Potenciar o emprego de instrumentos conxuntos, identificando actuacións complementarias entre os integrantes da Rede.
- d) Elaborar un plan de acción anual que atenda ás necesidades prioritarias, deseñando as accións e programas estratéxicos que se ten previsto realizar de acordo coa asignación de recursos, incluíndo os mecanismos necesarios para verificar a súa implementación.
- e) Desenvolver os instrumentos necesarios para instrumentar as accións estratéxicas da Rede consonte os obxectivos de creación e o plan de acción anual.
- f) Levar a cabo polos seus propios medios, e coa colaboración dos órganos de asesoramento da Rede e/ou de analistas externos, as accións necesarias para a definición das súas propostas.
- g) Emitir informe preceptivo para a aprobación de novos centros ou unidades de I+D+i conforme as definición do artigo 3 ou calquera outro informe que lle sexa requirido pola Comisión Reitora.
- h) Elaborar a memoria anual de actividade que permita render contas do funcionamento da Unidade.
- i) Desempeñar as tarefas de secretaría da Rede.

4. A Unidade Técnica de Xestión da Rede, a proposta da Dirección Estratéxica, poderá asesorarse mediante grupos de traballo que estarán dirixidos pola persoa que exerza a dirección da Rede ou ben por unha persoa, a proposta da Dirección Estratéxica, ante a que renderán contas da actividade do grupo.

Son funcións dos grupos de traballo a realización de tarefas preliminares, elaboración de borradores, estudos, propostas e outros documentos de natureza análoga nas materias específicas para os que se creen.

Os grupos de traballo poderán esta integrados por:

- a) Persoas designadas para o efecto entre todos os elementos de goberno, asesoramento e xestión da rede mencionados en este artigo.
- b) Persoas externas que gocen dun coñecemento especializado na materia do grupo de traballo designadas para tal efecto pola Dirección Estratéxica da Rede.

Artigo 8. Comisión Asesora Externa

1. A Comisión Asesora Externa, entendida como o máximo órgano asesor en materia de ámbitos temáticos de I+D+i e/ou con coñecemento experto na xestión e posta en marcha de unidades de investigación similares, estará integrada por:

- a) Persoas con coñecemento experto en accións de posta en marcha, organización, dirección e xestión de centros de Investigación de fóra da UDC.
- b) Un representante de cada unha das comisións asesoras externas (coñecidas pola SAB, do inglés) dos centros e unidades de I+D+i que integren a Rede.



- c) A persoas que integren a Comisión Asesora Externa serán nomeadas pola presidencia da Comisión Reitora a proposta da Dirección Estratéxica da Rede.

2. Son funcións da Comisión Asesora Externa:

- a) Propoñer a realización de estudos, informes, proxectos conxuntos ou outras accións que sexan beneficiosas para o traballo da Rede.
- b) Informar nos procesos de creación ou reformulación de centros e unidades de I+D+i.
- c) Informar sobre os criterios que se empreguen nos procesos de adscrición/desadscrición de persoal investigador nos centros e unidades de I+D+i.
- d) Informar e validar aquelas propostas que lle sexan sometidas a consideración pola Comisión Reitora, a Dirección Estratéxica e a Unidade Técnica de Xestión.
- e) Avaliar bianualmente o traballo desenvolto pola Rede e informar das súas conclusións, propostas, suxestións de melloras ou accións correctoras ante a Comisión Reitora.

Artigo 9. Comité de Asesoramento Empresarial

O Comité de Asesoramento Empresarial, entendido como espazo de conexión entre a UDC e a contorna empresarial e creado para unha mellor interconexión universidade-empresa, estará integrado por empresas que participen activamente coa UDC.

Son funcións do Comité de Asesoramento Empresarial asesorar a Rede nos ámbitos de transferencia.

Artigo 10. Obrigas dos centros de investigación e unidades de I+D+i que integren a Rede

Os centros de investigación e unidades de I+D+i que integren a Rede están obrigados a:

- a) Apoiar os principios, obxectivos e metas da Rede.
- b) Participar activamente nas actividades que se aproben no Plan anual de actividades.
- c) Poñer en coñecemento da Dirección Estratéxica calquera estudo, información ou acción no que sexa necesaria a participación da Rede como tal.
- d) Informar con antelación suficiente dos proxectos que teñan que someterse ao informe preceptivo da Rede.
- e) Facilitar a adecuada interacción entre os seus SAB, a Comisión Asesora Externa o Comité de Asesoramento Empresarial e a Dirección Estratéxica da Rede.
- f) Facilitarlle á Unidade Técnica de Xestión os datos e indicadores necesarios de actividade para monitorizar o desempeño do centro ou da unidade e permitir o deseño de políticas eficientes.

Disposición derradeira única

Esta norma entrará en vigor a o día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.